



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE DECEMBRO DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas e un minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros, e o Sr. concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de decembro de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202212291901090000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚMERO 5/2022

Acceso á videoacta – 00:01:03 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de decembro de 2022 (CVD: yWEggK4L6O09VoNmUxfA), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 5/2022.

Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 34.266,53 euros.

Visto que as facturas e gastos que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (CVD: Fd8ijfUZ6aIMcnhUnqR).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 5/2022 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2022 por importe de 34.266,53 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/2462	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	180,00
F/2022/2463	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/2464	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/2465	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/2466	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/2467	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/2468	11/11/2022	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	226,50
F/2022/3059	14/12/2022	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	32.727,53
TOTAL				34.266,53 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de decembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de decembro de 2022 (CVD: yWEggK4L6O09VoNmUxfA), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚMERO 6/2022

Acceso á videoacta – 00:05:42 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2022 (CVD: gWtPRZP3J9pKqCaUcFC3), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA

**Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 6/2022
TEDEC 2022/G006/000287**

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.446,13 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (CVD: Fd8ijfUZ6alMncnhUnqR).

Vista a nota informativa de secretaría 58/2022 de data 19 de decembro de 2022 (CVD: k3cTKdH476t7tkIWPvUs).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 6/2022 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2022 por importe de 1.446,13 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/172	27/01/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	31,79
F/2022/174	27/01/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	97,79
F/2022/175	27/01/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9,23

F/2022/392	21/02/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	532,97
F/2022/393	21/02/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	214,4
F/2022/395	21/02/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	10,67
F/2022/2177	13/10/2022	B70495973	TESGAL TECHNOLOGIES, S.L.	549,28
TOTAL				1.446,13 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2022 (CVD: gWtPRZP3J9pKqCaUcFC3), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2020-2023 PARA O EXERCICIO 2023

Acceso á videoacta – 00:12:57 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, co intervido e conforme da Intervención municipal, de data 19 de decembro de 2022 (CVD: n4IovpheZCnFh1C0XQUB), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2022, que transcrita di:

“PROPOSTA

Asunto: Proposta de modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020 - 2023 para o exercicio 2023 TEDEC 2022/G006/000289

O Plan estratéxico de subvencións 2020 - 2023, aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de decembro.

Para o seu seguimento, conta cunha comisión de seguimento e avaliación, a cal debe reunirse para a súa actualización, nos termos do establecido no art 4.2 do PES.

«4.2. Modificación do PES.

Segundo o artigo 14.1 do Regulamento da LGS, o plan estratéxico poderá ser actualizado anualmente en 2021, 2022 e 2023 coa información relevante dispoñible e remitida por cada un dos departamentos.

A actualización realizarase antes da aprobación dos orzamentos, tendo en conta particularmente o previsto nas leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. A indicada actualización realizarase por parte do Grupo para o seguimento e a avaliación e someterase a aprobación do pleno, e será publicitada nos mesmos termos que a aprobación do mesmo.»

As necesidades xurdidas pola pandemia ocasionaron distintas modificacións puntuais do Plan estratéxico dende o mesmo ano 2020, demostrando a súa condición de instrumento flexible e sensible ás necesidades económicas e ás demandas sociais do noso concello.

Para os efectos de valoración das subvencións que han de incluírse no orzamento municipal para o exercicio 2023, e modificación do Plan estratéxico para o exercicio 2023, convócase á comisión de seguimento e avaliación, a cal en sesión celebrada con data 1 de decembro de 2022, aproba a proposta de modificación do Plan estratéxico de subvencións 2020-2023 para o exercicio 2023, formulada pola alcaldía integrando a emenda presentada dende a concellería de Benestar Social, consistente na incorporación na Área de acción social, dunha nova liña de subvención nominativa á Asociación Galega do Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa "Vacaciones en Paz" no concello de Cambre.

Tal e como se puxo de manifesto na proposta á comisión, para o exercicio 2023 preséntanse importantes retos, especialmente de índole social dada a situación de crise económica, a cal afecta aos veciños e veciñas de Cambre, polo que se debe levar a cabo a actualización do PES coa vista posta en conquistar un mellor benestar da cidadanía e salvagarda das súas necesidades económicas, así como tamén no fomento de actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer prestadas tanto polo concello como polas asociacións sen ánimo de lucro de Cambre que contribúen dunha maneira sólida a dotar de medios de esparcemento persoal e social, a través de actividades de todo tipo, o cal reflicte un forte compromiso social pola súa parte, e obriga a esta corporación a por en valor o tecido asociativo deste concello.

Por tales motivos, se manteñen as liñas subvencionais e os importes incrementados ao longo destes anos, propoñéndose o incremento un ano máis, daquelas partidas onde se detectaron novas necesidades ou a modificación daquelas en que os créditos resultaron suficientes e houbo remanentes nas convocatorias, prevéndose similar situación para a próxima anualidade. Así, para o exercicio 2023, mantéñense as subvencións nominativas por motivos sociais a outorgar á Cruz Vermella e ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e o fomento de gastos de investimento para a mellora da competitividade como liña nas subvencións en libre concorrència ás asociacións de empresarios para gastos, manténdose as liñas de subvencións previstas no PES 2020-2023, incrementando respecto a súa aprobación orixinaria, as correspondentes a axudas de emerxencia social cuxo importe se declara ampliable, o programa mañanceiro, as becas de estudio, e as bolsas de deportistas.

Tendo isto en conta, convocouse a comisión de seguimento e avaliación para a aprobación dunha proposta da modificación do PES 2020 - 2023 para o exercicio 2022, a cal, reunida en sesión de data 1 de decembro de 2022, propón a adopción dos seguintes acordos, que se elevan ao Pleno para a súa aprobación:

Primeiro: Aprobar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020-2023 para o exercicio 2023, segundo o disposto no punto 4.2 do PES, co seguinte tenor literal:

«ADENDA AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2020-2023 CONCELLO DE CAMBRE

Modificación do PES 2020-2023 para o exercicio 2023

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

MODIFICACIÓN 2023

ÍNDICE

1. Introducción. Obxectivos xerais pretendidos ca modificación do 2º PES do Concello de Cambre

2. Principais medidas por cada unha das liñas de subvencións do Concello de Cambre.

2.1. Área 1. **Acción social.**

2.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**

2.3. Área 3. **Promoción cultural**

2.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares**

2.5. Área 5. **Promoción e fomento do deporte**

2.6. Área 6. **Promoción empresarial**

2.7. Área 7. **Transporte**

2.8. Área 8. **Outras**

3. Competencia na modificación do PES, publicidade e transparencia do PES.

3.1. Competencia na modificación do PES.

3.2. Publicidade do PES

3.3. Transparencia do PES.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións tras a modificación.

1. INTRODUCCIÓN. OBXECTIVOS XERAIS PRETENDIDOS CA MODIFICACIÓN DO 2º PES DO CONCELLO DE CAMBRE

A elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do 2020-2023 concibiuse como a continuidade no exercicio dunha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas polo municipio. A pandemia que se desatou ao comezo do ano 2020 por mor do virus COVID-19 e a declaración do estado de alarma polo goberno central trastocou nos pasados exercicios o desenvolvemento dos obxectivos iniciais marcados para o 2020 e o 2021 deste PES.

Por ditas causas, o PES 2020-2023 houbo de ser modificado en ambas anualidades de forma puntual e extraordinaria, co fin de fortalecer áreas como benestar social ou promoción económica ante as necesidades provocadas pola pandemia, para adaptalo á nova realidade, facer fronte a situación sanitaria e potenciar a recuperación, necesidades que se mantiveron para o exercicio 2022 en maior o menor medida.

Para a anualidade 2023, se manteñen as liñas subvencionais e os importes incrementados ao longo destes anos, propoñéndose o incremento orzamentario nas liñas onde se detectan novas necesidades ou a modificación daquelas en que os créditos resultaron suficientes ao longo do exercicio 2022.

Sendo o PES a ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional, espérase que continúe a ser un instrumento útil que sirva para mellorar a situación económica das nosas veciñas e veciños.

Esta modificación non opera nos demais elementos do PES posto que se manteñen os seguimentos, avaliacións, controis financeiros etc...

2. PRINCIPAIS MEDIDAS POR CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE CAMBRE.

2.1. Área 1. Acción social.

As principais variacións nesta área son establecer o importe de 240.000,00 € en emerxencia social e declarar de novo esta liña como ampliable en función da demanda da mesma. Esta liña segue a considerarse prioritaria e poderá aumentarse para atender todas as necesidades que sexan demandadas polas veciñas e veciños que cumpran os requisitos da ordenanza reguladora sen máis limitación que a existencia de consignación orzamentaria. Para iso cunha frecuencia bimensual será analizada esta partida por unha comisión mixta intervención-servizo sociais presidida polo Alcalde para, no caso de detectar unha potencial falta de crédito,

suplementar esta aplicación mediante modificativo de crédito que terá prioridade fronte a calquera gasto corrente ou subvención do orzamento.

Mantense o importe consolidado no exercicio 2021 para as subvencións de libre concorrencia por importe de 30.000,00 euros, e o importe de 5.000,00 € na nominativa outorgada a ADRA-Temple, 4.000,00 € na nominativa outorgada a Cruz Vermella. Ademais mantense a aportación incementada no exercicio 2022 ao Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade en 17.000 €, co fin de paliar as consecuencias económicas negativas provocadas pola pandemia do COVID 19, cuxos efectos se prevé que se manteñan no exercicio 2023.

Incrementátese a 20.000 €, o importe destinado á convocatoria anual de axudas económicas para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida.

2.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**

Prevese que a actividade das ANPAS dos CEIPs de Cambre se desenvolva con normalidade polo que se manteñen os importe das subvencións a outorgar ás mesmas, incrementándose a subvención da ANPA do CEIP Wenceslao Fernández Flórez en 2.000 € tendo en conta a previsión de alumnos e as necesidades de transporte para asistir ás actividades extraescolares a desenvolver, e se mantén o reforzo ao programa Mañanceiro elevado no exercicio 2021 a 100.000 €. De non poder ser realizadas as actividades, valorarase unha modificación á baixa das mesmas.

2.3. Área 3. **Promoción cultural.**

Sen variacións na mesma

2.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares.**

Sen variacións na mesma

2.5. Área 5. **Promoción e fomento de deporte.**

Sen variacións na mesma.

2.6. Área 6. **Promoción empresarial.**

Minórase a 50.000,00 € a partida económica das subvencións de libre concorrencia destinadas á asociacións de empresarios, a cal se distribuirá entre a liña para a execución de gastos de investimento ou de carácter inventariable para proxectos de investimento que melloren a competitividade empresarial, e a liña de financiamento de gasto corrente.

Valorarase coa aprobación das Bases da convocatoria, se é necesario incluír novamente o fomento das medidas precisas para garantir o desenvolvemento da actividade económica de conformidade coas circunstancias derivadas da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19, facilitando a adopción por parte das empresas e establecementos locais integrados nas asociacións existentes dos protocolos, medidas e recomendacións hixiénicas e de distanciamento establecidas polas autoridades competentes para poder desenvolver as súas actividades e seguir mantendo a competitividade no novo escenario, como área de actuación específica, sen que isto afecte ao importe asignado para a convocatoria anual.

Por outra parte, incrementase a 80.000,00 € o importe destinado á convocatoria anual de axudas económicas Consolida Cambre, dirixida a empresas constituídas en 2020 e 2021 coa finalidade de contribuír a consolidación de empresas e a xeración de emprego no municipio.

2.7. Área 7. **Transporte.**

Sen variacións na mesma.

2.8. Área 8. **Outras.**

Sen variacións na mesma, aínda que haberá de estarse ao acordo do Pleno da Corporación municipal tras a súa constitución.

3. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA DA MODIFICACIÓN.

3.1. Aprobación da modificación do PES 2020-2023 do Concello de Cambre.

O órgano competente para a aprobación da modificación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

3.2. Publicidade do PES 2020-2023.

O acordo plenario pola que se proceda á modificación do PES 2020-2023 será comunicado aos xefes de cada área.

Igualmente publicarase a modificación na páxina web municipal (www.cambre.org) séndolle de aplicación así mesmo calquera outras disposicións en materia de información e transparencia previstas en cada momento no ordenamento xurídico.

3.3. Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na web municipal (www.cambre.org) no Tablón de anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente, cando sexa necesario, e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinado.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións.

Acción Social	Área 1	Código 1.1
AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> • Priorizar as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico facendo fincapé en aqueles colectivos afectados polo estado de alarma decretado polo goberno central. • Manter a familia como unidade básica de convivencia • Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida • Facer fronte a situacións de desprotección • Evitar situacións de marxinación • Axudar a conseguir a súa autonomía económica • Consegur a súa integración social 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	240.000 € (ampliáveis sen límite máximo)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios e Deputación provincial (POS + 2023).	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

Acción Social	Área 1	Código 1.2
ASOCIACIÓNS SEN ANIMO DE LUCRO DE CARÁCTER SOCIAL		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar o desenvolvemento de proxectos por parte das entidades de acción social e sen ánimo de lucro, que beneficien aos veciños e veciñas de Cambre no ámbito social (proxectos con colectivos vulnerables en risco de exclusión social e/ou colectivos específicos tales como persoas maiores, persoas con diversidade funcional, persoas inmigrantes,...)	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar a intervención cos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social. - Apoiar ás familias dos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social. - Previr situacións de desprotección. - Evitar situacións de marxinación. - Promover a súa autonomía funcional e social. - Favorecer a integración social. 	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	- Se priorizarán actividades relacionadas cos colectivos mais afectados pola pandemia do Covid-19.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	30.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Acción Social	Área 1	Código 1.3
BONOTAXI PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E MOBILIDADE REDUCIDA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuir a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo, e así poder mellorar o pleno desenvolvemento dunha vida social autónoma.	
b. Obxectivo específico	- Favorecer a súa autonomía - Fomentar a integración deste colectivo - Facilitar unha vida social activa e autónoma	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

Acción Social	Área 1	Código 1.4
ADRA - TEMPLE		
a. Obxectivo estratéxico	Atender aos colectivos mais vulnerables do municipio de Cambre, centrándose fundamentalmente no reparto de alimentos, roupa, produtos de hixiene persoal e para a limpeza, material escolar,...	
b. Obxectivo específico	Dotar dun espazo á entidade para que se preste unha atención personalizada aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, para axudar a cobertura das súas necesidades básicas de subsistencia	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	5.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Acción Social	Área 1	Código 1.5
CRUZ VERMELLA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Atender aos colectivos mais vulnerables do municipio de Cambre, centrándose fundamentalmente na xestión e reparto de alimentos da Despensa Municipal de Alimentos de Cambre.	
b. Obxectivo específico	Ceder a xestión da Despensa Municipal de Alimentos de Cambre para realizar o reparto de produtos de primeira necesidade á veciñanza en situación de vulnerabilidade de Cambre.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	4.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	100%	
f. Fonte de financiamento	Recursos Propios	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de Convenio	

Acción Social	Área 1	Código 1.6
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE		
a. Obxectivo estratéxico	Reducir a vulnerabilidade e factores de risco en nenos e nenas a través do acceso á educación e saúde, nun contexto de pandemia provocada pola COVID-19.	
b. Obxectivos específicos	Promover o acceso dos nenos e nenas aos servizos educativos preescolares e desenvolvemento de hábitos saudables. Mellorar o servizo de saúde materno infantil na unidade sanitaria de Massaca 1.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	17.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	100%	
f. Fonte de financiamento	Recursos Propios	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de Convenio	

Acción Social	Área 1	Código 1.7
ASOCIACIÓN GALEGA CO POBO SAHARAUÍ		
a. Obxectivo estratéxico	Mellorar as condición de vida das persoas refuxiadas saharauís.	
b. Obxectivos específicos	Trasladar a nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís de Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias do Concello de Cambre. Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven. Facilitar asistencia médica e de alimentación. Promover, entre a sociedade cambresa, os valores da tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua casteá e galega que estudan nos seus programas escolares. Ofertar unha alternativa de ocio e tempo de lecer, evitando a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas do ano (máis de 50°).	
c. Prazo	Anual.	
d. Custo presupostado	4.450,00 €.	
e. Porcentaxe máx. da achega	100%.	
f. Fonte de financiamento	Recursos Propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa.	
h. Plan de actuación	Sinatura de Convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.1
BECAS DE ESTUDO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar o estudo	
b. Obxectivo específico	Favorecer a escolarización dos veciños e veciñas de Cambre en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	24.000,00 € (18.000,00 € gasto corrente e 6.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Educación	Área 2	Código 2.2
PROGRAMA MAÑANCEIRO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre con nenos e nenas en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custe da achega	100.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

f. Procedemento de concesión	Libre concorrència
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo e o establecemento de bonificacións ás tarifas a aboar polo usuario, tal e como se aproben polo Pleno e se estableza nos pregos da licitación.

Educación	Área 2	Código 2.3
EDUCATIVAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar actividades nos centros educativos	
b. Obxectivo específico	Favorecer o desenvolvemento de actividades de promoción educativa, cultural e deportiva nos centros escolares	
c. Prazo	Anual	
d. Custe da achega	8.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases da convocatoria.	

Educación	Área 2	Código 2.4
ANPA CEIP W. FDEZ FLOREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	32.120,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.5
ANPA CEIP PORTOFARO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.020,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.6
ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	19.759,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Educación	Área 2	Código 2.7
ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	22.589,60 euros	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.8
ANPA CEIP O GRAXAL		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.342,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
CULTURAIS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadán organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	29.000,00 € (25.000 € gasto corrente e 4.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer o desenvolvemento persoal e comunitario e a comunicación por medio da linguaxe universal por excelencia, a música.	
b. Obxectivo específico	- Proporcionar unha formación musical teórica e práctica de base á poboación interesada - Realizar espectáculos musicais de carácter afeccionado para disfrute da poboación.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	63.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Facilitar o desenvolvemento persoal e comunitario por medio do coñecemento e da práctica de distintas manifestacións culturais: o teatro, a literatura e outras tradicións culturais (a música tradicional)	
b. Obxectivo específico	- Proporcionar espazos para a lectura de obras literarias, para o encontro e o diálogo con artistas, a formación e a experimentación do teatro afeccionado e a música vocal	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	tradicional. - Realizar espectáculos de música, teatro, encontros con artistas, escritores, etc, á poboación.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	12.000,00 €
e. Porcentaxe máx. da achega	90%
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.
g. Procedemento de concesión	Nominativa
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
COMISIÓNS DE FESTAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	47.000,00 € (40.000 € festas e 7000 € aparellos)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.1
ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais	
b. Obxectivo específico	- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas - Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos - Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	43.000 € (22.000 € gasto corrente, 8.000 € formación, 6.000 € desprazamentos de equipos de deportistas e material deportivo e 7.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
BOLSAS DEPORTISTAS		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento dos deportistas de Cambre	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción dos deportistas de Cambre a nivel nacional /europeo/ mundial	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	16.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.3
CAMBRE BALONCESTO		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do baloncesto, especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	9.000,00 €	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

e. Porcentaxe máx. da achega	90%
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.
g. Procedemento de concesión	Nominativa
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio

Deportes	Área 5	Código 5.4
CLUBS DE FÚTBOL DE CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol, especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	31.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Deportes	Área 5	Código 5.5
CLUB CICLISTA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do ciclismo especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	31.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción económica	Área 6	Código 6.1
CONSOLIDA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Incentivar o mantemento de empresas e fomentar a actividade económica de acordo co disposto na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación	
b. Obxectivo específico	Contribuír á consolidación de empresas no municipio de Cambre, o que contribuirá á dinamización e fortalecemento do noso tecido empresarial e polo tanto, a seguir xerando emprego no noso territorio, dando apoio ás empresas para minimizar o impacto e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha activación da actividade	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	80.000,00€	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública.	

Promoción económica	Área 6	Código 6.2
SUBVENCIÓNS Á ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaboración cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais e competitividade das empresas locais.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Facilitar a adopción das medidas necesarias para garantir o desenvolvemento da actividade empresarial local no novo escenario derivado da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19.- Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio.- Mellora da competitividade das actividades empresariais.- Posta en marcha de campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio.- Mantemento do comercio e da hostalería no municipio.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	50.000,00 € (gasto corrente e investimento)	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Promoción económica	Área 6	Código 6.3
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS PARTICIPANTES NO PROXECTO OBRADORIO DE EMPREGO "PROXEDIS PROWEB"		
a. Obxectivo estratéxico	Inserción laboral do alumnado traballador do proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS PROWEB"	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Impulsar a contratación laboral do alumnado traballador do proxecto "PROXEDIS PROWEB".- Mellorar o perfil profesional do alumnado traballador a través da adquisición de experiencia laboral en centros ou entidades adicados ao coidado de persoas dependentes no ámbito da terceira idade e a discapacidade.- Conseguir que o perfil profesional e curricular de noso alumnado traballador sexa máis competitivo no mercado de traballo.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	30.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Comunidade Autónoma de Galicia (subvención para o proxecto "PROXEDIS PROWEB")	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública	

TRANSPORTE	Área 7	Código 7
TRANSPORTE METROPOLITANO		
a. Obxectivo estratéxico	Establecer melloras na comunicación do núcleo de Cambre coas parroquias así como as liñas interurbanas.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- O fomento do transporte público como alternativa sostible ao transporte privado.- Fomentar as comunicacións de todas as parroquias.- Evitar o illamento de núcleos peor comunicados- Evitar o illamento de persoas que non poidan conducir vehículos privados.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	160.000,00 € (ampliable conforme liquidación da Xunta)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Conforme a convenio da Xunta	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio coa Xunta	

Outros	Área 8	Código 8
SUBVENCIÓN GRUPOS POLÍTICOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar no mantemento dos grupos políticos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Fomentar a participación política.- Custear gastos de traballo dos grupos.- Permitir o traballo dos diversos grupos representados no pleno de maneira digna	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	33.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Mixta (nominativa condicionada a bases de execución e acordo plenario)	
g. Plan de actuación	Regulada en bases de execución e acordo plenario	

Segundo: Publicar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020-2023 na sede electrónica municipal, así como dar conta aos xefes das áreas municipais afectadas."

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, co intervido e conforme da Intervención municipal, de data 19 de decembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, co intervido e conforme da Intervención municipal, de data 19 de decembro de 2022 (CVD: n4lovpheZCnFh1C0XQUB), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.4. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2023

Acceso á videoacta – 00:15:30 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de decembro de 2022 (CVD: R1kmDjw1XIMuy0dVOsR3), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión extraordinaria de data 22 de decembro de 2022, que transcrita di:

“PROPOSTA

Asunto: Proposta de Aprobación do Orzamento xeral 2023 e do Cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2023

2241/2022	16-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a N.G.C por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2242/2022	16-12-2022	Conceder a JMBC a licenza municipal solicitada para a ocupación de 24 m ² de vía pública, por un período de 2 meses, na praza Amador e Daniel, parroquia de Cambre, con motivo da execución das obras de reparación e impermeabilización das fachadas das bufordas do edificio sito na rúa Río Mandeo, obras que contan co preceptivo título habilitante trala presentación da comunicación previa núm. 2022/U026/000325
2243/2022	16-12-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 141 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na rúa Sixto, parroquia de Cambre
2244/2022	16-12-2022	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JLG e ADN co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente dos actos realizados na parcela sita en Pastel, Pravio, consistentes na construción dun peche metálico na linde co camiño público municipal 1C.1.0092, así como a existencia de depósitos diversos, (vehículos e maquinaria pesada, fustes de árbores, bidóns de varias capacidades, etc), sen título habilitante
2245/2022	16-12-2022	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JIB e FGL, para que procedan á reparación do tramo do muro de peche de cachotería existente na fronte da parcela sita en Seoane, Anceis, que se derrubou sobre a calzada do camiño público número 1.C.1.0297, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da 135 e 136 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservarlos nas condicións de seguridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
2246/2022	16-12-2022	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por

		Inmobiliar Soluciones S.L. pola realización de obras na finca sita en Estrada Espírito Santo, Cecebre, consistentes na reforma da edificación existente sen axustarse á comunicación previa número 2019/U026/000061, na construción dun portal metálico no peche de acceso ao interior da parcela, unha soleira de formigón impreso, un pozo de pedra, unha grella con cheminea e una piscina prefabricada, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
2247/2022	16-12-2022	Revogar a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1292/2022, do día 13 de xullo, ao terse advertido que se ditou sen ter previamente evacuado o trámite de traslado da proposta de resolución do instrutor ao interesado, ordenando a retroacción do procedemento ao trámite de traslado da proposta de resolución
2248/2022	16-12-2022	Arquivar o expediente 2022/I002/000037, incoado a SG CC pola ocupación de vía pública con estadas, na rúa praza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre), sen título habitante, posto que as anteditas estadas retiráronse
2249/2022	16-12-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2250/2022	16-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 104.768,35 euros
2251/2022	16-12-2022	Xestión padroal: baixas, trocos de domicilio, falecemento no Padrón Municipal de Habitantes no período comprendido do 1 ao 30 de novembro de 2022
2252/2022	19-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes á aprobación facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 32.819,43 euros
2253/2022	19-12-2022	Aprobación de nómina complementaria do mes de novembro de 2022, por importe de 1646,72 euros
2254/2022	19-12-2022	Recoñecemento de obrigas e aprobación de factura por importe total de 52.374,11 euros
2255/2022	19-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.J.B.S. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2256/2022	19-12-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para odontoloxía a C.R.G. por importe de 400 euros
2257/2022	19-12-2022	Inscrición no rexistro de unións non matrimoniais de AVF e YFCV
2258/2022	19-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22.12.2022
2259/2022	19-12-2022	Aprobar a xustificación presentada, recoñecer e liquidar obrigas a favor da asociación "Sementeira Cambre" por importe de 6.500,00 euros, en concepto de terceira e última achega correspondente ao exercicio 2021 do convenio de promoción musical asinado, así coma o seu aboamento
2260/2022	19-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a C.J.B.A. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2261/2022	19-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.J.B.S. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2262/2022	19-12-2022	Recoñecemento de obrigas e aprobación de facturas con reparos da intervención municipal por importe de 76.228,42 euros
2263/2022	19-12-2022	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de novembro de 2022 por importe de 72.867,57 euros. Aprobar a proposta de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mandamento de pago, así coma o pagamento de 72.867,57 euros
2264/2022	19-12-2022	Aprobación certificación liquidación da obra "Arranxo de camiños municipais Fase II por importe de 23.202,65 euros
2265/2022	19-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a L.L.M.E. por non residir no domicilio onde está empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2266/2022	19-12-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na construción de dúas naves, e a subdivisión das citadas naves nos módulos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 12, na parcela 9 rúa Zeppelin 21-23 do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, sen axustarse á licenza municipal concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 22 de novembro de 2000, e caducada a acción para a reposición da legalidade urbanística con respecto ás ditas obras
2267/2022	19-12-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 8 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Canal, parroquia de Cecebre
2268/2022	19-12-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 180 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na rúa Sixto, parroquia de Cambre
2269/2022	19-12-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Vilar, parroquia de Anceis
2270/2022	19-12-2022	Arquivar o expediente número 2019/I002/000010, incoado a CSV e MLN, pola realización de actos consistentes na construción dun cerramento e un galpón, así como polo estacionamento dunha caravana, na finca sita Anceis, (Anceis) posto que tal como queda acreditado a caravana retirouse e o galpón e o cerramento demoléronse, axustándose ao anexo 6 das Normas Subsidiarias Municipais, no solo de núcleo rural, en parcelas con en sen edificacións, dando así cumprimento ao ordenado polo concelleiro de urbanismo e obras na resolución de data 9 de xuño de 2020
2271/2022	19-12-2022	Arquivar o expediente número 2022/I002/000009, incoado a BRyD SL, pola ocupación da vía pública sen axustarse á licenza concedida en río Brexa, e praza Casares Quiroga, A Barcala, Cambre, ao terse constatado que se retiraron da vía pública os elementos afectados
2272/2022	20-12-2022	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o pagamento da despesa por importe de 992,44 euros
2273/2022	20-12-2022	Outorgar á Fundación ADRA (Agencia Adventista para el Desarrollo y Recursos Asistenciales), unha subvención por importe de 5.000 € co obxecto de contribuír a satisfacer as necesidades dos veciños e veciñas que se atopan nunha situación de risco de exclusión social, e non dispoñen dos suficientes recursos para cubrir as súas necesidades básicas. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Fundación ADRA (Agencia Adventista para el Desarrollo y Recursos Asistenciales) para atender as necesidades de persoas que se atopan nunha situación de risco de exclusión social do municipio de Cambre
2274/2022	20-12-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 21 de decembro de 2022
2275/2022	20-12-2022	Denegar a axuda económica de emerxencia social para material escolar a DIPA, xa que segundo o disposto no artigo 2.1 da ordenanza reguladora, non reúne o requisito de empadroadamento para poder ser beneficiaria
2276/2022	20-12-2022	Renuncia a axudas de emerxencia social de luz, gas e auga de M.J.V.M.
2277/2022	20-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.S.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2278/2022	20-12-2022	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MGMdeM e JABS
2279/2022	20-12-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2280/2022	20-12-2022	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 2º trimestre: meses de febreiro, marzo e abril de 2022, que comprende 15 recibos dun total de 15 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de 306,00 €
2281/2022	20-12-2022	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 número 33/2022 por importe de 17.787,00 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
2282/2022	21-12-2022	Concesión de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (4º trimestre 2022). Bonificacións auga familia numerosa ou vivendas nas que convivan máis de cinco
2283/2022	21-12-2022	Concesión e baixa de bonificacións do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (4º trimestre 2022)
2284/2022	21-12-2022	Aprobar as certificacións de obra mellora eficiencia enerxética iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono Espírito Santo e o Temple, mediante implementación de solucións led lote 1 Cambre (Aprobación de certificacións de obra 1 a 8)
2285/2022	21-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.I.R.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2286/2022	21-12-2022	Aprobar as certificacións de obra "mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espírito" Lote 2 A Barcala (aprobación certificacións 1 a 8)
2287/2022	21-12-2022	Desestimar as alegacións presentadas por RGG por canto que: - as obras denunciadas foron realizadas baixo a exclusiva responsabilidade dos interesados, carecendo do preceptivo título habilitante e de xeito clandestino, sen que conste que os seus responsables tiveran previamente realizado consulta sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística, polo cal non deron ocasión a que se lles orientase en sentido algún
2288/2022	21-12-2022	Requirir a MFTG para que presente comunicación previa de obras cunha memoria valorada, asinada por un técnico competente onde se reflicte nos planos topográficos, o estado primitivo e o estado actual do recheo, indicando os condicionantes indicados polo art. 50.1.a) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Todo isto de acordo co disposto polo artigo 152.3 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.
2289/2022	21-12-2022	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MJPV, co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na finca sita Souto, consistentes na construción dun peche sen axustarse á comunicación previa número 2022/U026/000029, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
2290/2022	21-12-2022	Inscripción no Rexistro municipal de Unións non matrimoniais ILV e PIV
2291/2022	21-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.M.J. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2292/2022	21-12-2022	Conceder a R, SL, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 44 m ² de vía pública, por un período de 3 meses, fronte ao edificio sito na rúa Estanque, parroquia do Temple, con motivo da execución da obra consistente na reparación, illamento e revestimento da fachada do citado edificio, obra que conta co preceptivo título habilitante trala presentación da comunicación previa núm. 2022/U026/000360
2293/2022	21-12-2022	Iniciar expediente de ruína aos herdeiros de EMG polo estado da edificación sita na Rocha, Anceis, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		do Solo de Galicia
2294/2022	21-12-2022	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 110,00 euros
2295/2022	21-12-2022	Cesar á funcionaria de carreira CAV por xubilación forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida, con efectos do 21 de decembro de 2022, de conformidade cos artigos 63-c) e 67.1-b) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e 64-c) e 68.1-b) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
2296/2022	22-12-2022	Aprobar a relación de establecementos admitidos para participar no XIV Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Cambre 2022
2297/2022	22-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.R.L.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2298/2022	22-12-2022	Aprobar o padrón fiscal do prezo público por actividades xuvenís do Programa Trans-Fórmate Curso de Monitor de tempo Libre do día 3 de setembro ao 17 de decembro de 2022, que comprende 25 recibos por un importe total de 3.960,00 €
2299/2022	22-12-2022	Aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 700,00 euros en concepto de costas procesuais do procedemento abreviado 200/2018, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade e realización do pago mediante transferencia, beneficiario: Xulgado contencioso administrativo nº 2 da Coruña. Concepto: 1600 0000 93 02 00 18
2300/2022	22-12-2022	Aprobación de factura e recoñecemento de obrigas por importe de 34.848,00 euros (servizo de mantemento e reparación de gabias, desaugadoiros e canalizacións en camiños municipios) con reparos suspensivos de la intervención municipal
2301/2022	22-12-2022	Conceder ás familias usuarias que se detallan a continuación, unha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente nun vale extraordinario de Nadal para a adquisición de produtos para a celebración do período de Nadal, de tipo A ou tipo B, segundo o número de membros da unidade familiar, por atoparse en situación de vulnerabilidade e emerxencia social e con expediente aberto nos servizos sociais comunitarios básicos, previamente valoradas polas unidades de traballo social municipais (UTS), unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos no artigo 2 da ordenanza reguladora, por importe total de 23.350,00 euros
2302/2022	22-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondente a aprobación de facturas por importe total de 40.122,52 euros
2303/2022	22-12-2022	Conceder a UFD DE, S.A., a licenza municipal solicitada para a substitución dun apoio existente e execución dunha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na estrada da Estación, parroquia de Cambre
2304/2022	22-12-2022	Aprobar a certificación de obra correspondente á "urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo"
2305/2022	22-12-2022	Convocar os procesos de selección para a estabilización do emprego temporal correspondentes ás prazas incluídas na oferta de emprego público do Concello de Cambre do ano 2022 seguintes: unha de axente de desenvolvemento local, unha de enxeñeiro técnico industrial, , unha de conserxe, dúas de operarios de servizos e unha de aparelador: Aprobar as bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria
2306/2022	22-12-2022	Aprobación de certificacións correspondente á obra Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. (Plan único de concellos) POS+ adicional 1/2019, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes ás facturas por importe de 100.500,73 euros, así como o seu pagamento. (certificacións 8, 9, 10 e 11)
2307/2022	22-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a R.M.B. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

2308/2022	23-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de decembro de 2022
2309/2022	23-12-2022	Concesión a Lyntia Networks, SAU, de licenza municipal para executar unha canalización de fibra óptica de 75 metros lineais para proporcionar servizo de comunicacións electrónicas na rúa Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre
2310/2022	23-12-2022	Concesión de licenza a M.M.M.C. para a posesión de animais potencialmente perigosos
2311/2022	23-12-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez do 2 ao 10 de xaneiro de 2023, ambos incluídos
2312/2022	23-12-2022	Delegación da presidencia da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico e sesión ordinaria da Comisións Informativas Permanentes a celebrar o día 22 de decembro de 2022
2313/2022	23-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 86.727,12 euros

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de novembro de 2022

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000013, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159 da LCSP, con dous criterios de adxudicación de apreciación automática (factor prezo e incremento do prazo de garantía), correspondente á obra de "Reforma e ampliación do complexo municipal da Barcala"
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000009, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de "Zona de espaxamento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre"
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "SUGEMA, S.L." adxudicataria do lote 2 denominado "Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría galaico romana galaicoi" do contrato mixto de servizos e suministros para a "Organización do mercado galaico-romano e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV romería galaico-romana "Galaicoi". Expediente 2019/C004/000012
- Proposta de adxudicación do contrato para o "Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de "Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás" a prol do licitador "ITH PLANING AND DESIGN, S.L." no prezo ofertado de 8.925,00 euros sen IVE, 10.799,25 euros IVE incluído. Expte: 2021/C004/000027

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2022

- Proposta de declaración de deserto, por falta de licitadores, do expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da obra "Mellora e reparación dun tramo da rúa Luís Seoane, para tráfico compartido". Expediente: 2022/C003/000016
- Proposta de devolución á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. da garantía definitiva prestada mediante aval bancario depositado na Tesourería municipal con data 14.02.2017, núm. de rexistro 722, por importe de 6.420,51 euros, para garantir a execución da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", no expediente de contratación núm. 2016/C003/000006.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de decembro de 2022

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA, S.L." adxudicataria do lote 1 do contrato mixto do "Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre". Expediente 2021/C005/000010
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000022, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de "Mellora dos parques infantís dos CEIP Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal"
- Proposta de aprobación do "PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre", incluído no POS + Adicional 2/2022. Expediente: 2022/A008/000004-2022/G006/000281

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2022

- Proposta relativa á aprobación do proxecto "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa AC-214 e rúa Carballo" tras a supervisión favorable da Deputación
- Proposta relativa á adxudicación do lote 3 e declaración de deserto do lote 1 do contrato mixto de servizos e subministracións para a "campaña de dinamización comercial do Nadal 2023"

Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2022

- Aprobación do expediente para a contratación dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre" (Expediente TEDeC 2022/C006/000008), de acordo co artigo 117 da LCSP

3.3. ROGOS

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900007132 o día 26 de decembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:15:35 horas

Lee o rogo a Sra. Vázquez Golpe:

"O pasado mércores 13 de decembro, como xa foi posto de manifesto por este grupo municipal na última Xunta de Voceiros, sufriuse un novo apagamento na parroquia do Temple, afectando fundamentalmente o parque Ramón Barba e todas as rúas da súa contorna, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Apagamento que, lamentablemente non é o primeiro que se produce no lugar e parece está a converterse nun costume nos últimos meses. Apagamento cuxas causas non se deberon nesta ocasión nin ás choivas, nin ao mal estado dun dos cables que, motivado polas explicacións ofrecidas a este Grupo Municipal Popular polos concelleiros de goberno nos meses de outubro e novembro pasado, consideramos xa solucionado. Problema que este último mes estendeuse ao centro de Cambre, en zonas como a contorna do museo ou a estrada da estación; cos evidentes problemas de inseguridade que iso xera.



Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular interésase que, pola concelleira competente, e tras dar as oportunas explicacións sobre o particular, adopte as medidas oportunas para evitar que se volvan producir os apagamentos que se están reiterando nos últimos meses no Temple e no centro de Cambre.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:17:31 horas

Lee o rogo a Sra. González Roel:

“Xa no mes de setembro de 2020, o Grupo Municipal Popular trouxo a pleno o descontento dos veciños de Brexo-Lema pola campaña de rozas levada a cabo no noso municipio en xeral e na súa parroquia en particular; así como o estado de deixamento no que se atopaban a este respecto moitas leiras privadas, convertendo os devanditos lugares non só en intransitables, senón tamén en insalubres xunto á elevada e rápida combustión en caso de incendio. Descontento que foi reiterado posteriormente por este grupo municipal noutras sesións, como a de abril de 2021 á vista das dificultades para transitar polas devanditas vías polo minibús de transporte de persoas con diversidade funcional; así como no pasado mes de novembro; onde o noso rogo foi recollido polo goberno local.

Non obstante o cal, anos despois persisten os mesmos problemas, tal e como nos trasladan veciños de Brexo-Lema, e se advirte nas fotografías que se achegan: tullas que invaden as leiras contiguas, árbores sen podar, invasión de dereitos de vistas e luces en leiras privadas ou dificultade de tránsito do minibús de transporte de persoas con diversidade funcional, subsisten a pesar das queixas veciñais e o compromiso persoal do alcalde de Cambre en solucionar o problema.

Razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular reitérase do concelleiro competente e do propio alcalde de Cambre que se cumpran, o máis axiña posible, os compromisos previamente adquiridos que resolvan os problemas advertidos.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:23:11 horas

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Nos últimos días, o Ministerio do Interior do Goberno de España publicou o Balance trimestral de criminalidade. Balance no que se informa que no noso municipio, en Cambre, subiu novamente a criminalidade. Esta vez un 12,3% máis respecto do mesmo período do ano 2021; destacando o aumento significativo en delitos graves e menos graves de lesións e rifas tumultuarias ou a subtracción de vehículos, así como noutras infraccións penais.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo Goberno local de Cambre, se adopten as medidas necesarias para frear o aumento constante da criminalidade no noso municipio.”

O Sr. alcalde contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900007135 o día 26 de decembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:30:44 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Tendo coñecemento dos problemas existentes no Espírito Santo xerados polas obras que se están a realizar para Amazon. E sabendo que é normal que as obras sempre crean certa incomodidade á veciñanza. Tamén sabemos que certas situacións son evitables e controlables. Motivo polo cal rogamos que se adopten as medidas necesarias para a súa solución.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:32:24 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“O grupo de goberno de Cambre dilapidou 150.000 euros en comunicación, pero a realidade non é outra que é unha forma de realizar campaña para o seu grupo político co diñeiro de todos.

Son 150.000 euros para tapar a incompetencia dun grupo de goberno que desinforma e maquilla a realidade ao seu antollo. Son 150.000 euros que se poderían utilizar en cousas máis importantes que o autobombo dun goberno municipal sen proxecto e sen capacidade para xestionar Cambre.

Non imos engadir nada a un espazo residual que deixan para os grupos políticos nos que se inclúen ademais os que gobernan (coma se non fose suficiente a promoción que fan deles mesmos no panfleto), restando espazo á oposición para informar da realidade de Cambre. Non se pode usar o diñeiro dos veciños para facer campaña.

Motivo polo cal rogamos que con este investimento para o ‘Novas de Cambre’ se realice unha publicidade que informe á veciñanza dun xeito real e con novas de interese.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:39:54 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

«Outro exemplo de mala información está na web municipal, que levamos a denunciar varios meses. E, novamente, volvemos a insistir.

Neste caso gustaríanos destacar que nos parece vergoñento que no apartado dedicado ao turismo, resulta un despropósito a pestana de “zonas recreativas” a visitar as tres que saen reflectidas son “As Gamelas”, o parque de auto caravanas e a praia entrepontes. Esta última parece sacada de chiste, porque non sabemos onde sae reflectido que iso sexa unha praia...

Resulta imprescindible poñer en valor o patrimonio municipal. Pero para isto hai que manter os ditos espazos. Por exemplo, no caso da praia, os servizos dunha praia, ou esixilo á administración correspondente. No caso do parque de auto caravanas, quizais poñer algún atractivo (e como xa solicitamos nas comisións, información turística) e As Gamelas... pois con que estivera limpa a maleza xa sería un avance.

Rogamos máis mantementos ou atención para os ditos espazos.»

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo.



ROGOS DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202299900007130 o día 26 de decembro de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:42:16 horas

Lee o rogo a Sra. Santos López:

“Trasladan os veciños que o acceso á Fonte de Amil non quedou ben cando se fixeron as beirarrúas na estrada AC-214 visto que provocan risco de caída.

PREGAMOS: Sexa trasladado aos técnicos competentes para avaliar e sopesar a posibilidade de actuar sobre o dito acceso.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:43:09 horas

Lee o rogo a Sra. Santos López:

“Unha das consecuencias negativas da dixitalización e a tramitación electrónica é que deixa polo camiño a moitas persoas maiores que quedan relegadas a un illamento ou fenda dixital e como consecuencia, de tramitacións administrativas.

No noso concello recibimos xa hai tempo queixas de persoas de aproximadamente 65 anos en adiante que trasladan que a fenda dixital podería verse minorada coa posibilidade, entre outras, de poder acudir ao concello de xeito presencial sen necesidade de concertar cita previa.

PREGAMOS: Sexa avaliada por quen competa a posibilidade de que as persoas dun rango de idade (que como suxestión nós indicamos que poderían ser os 65 anos), poideran acudir a realizar trámites ao concello de xeito presencial sen necesidade de concertar cita previa.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:45:27 horas

Lee o rogo a Sra. Santos López:

“De tempo atrás existe un desnivel na beirarrúa ao carón do Paraugas, preto de Casa Leonardo.

PREGAMOS sexa tida en conta a necesidade de eliminar o dito desnivel, obra, ao noso entender, non especialmente complexa nin custosa.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGO DE C'S PRESENTADO ORALMENTE

A Sra. García Hidalgo formula o seguinte rogo:

Único rogo - Acceso á videoacta – 01:46:50 horas

«Este rogo oral é en relación a outro rogo que fixemos hai un ano, en outubro de 2021. Un rogo no que pediamos que se realizase un control da frota municipal dos coches mediante un software que xestionase a total organización e administración dos vehículos do concello.

Entre as respostas que recibimos, unha frase que dixo a Sra. concelleira foi: “non hai control, nin tampouco é algo que se prevea”.

Ben, pois o mes pasado, no pleno de novembro, trouxemos un rogo oral lembrando aquel rogo de hai un ano onde pediamos que se realizase ese control de uso dos vehículos do concello e mencionamos que no código ético aprobado en maio pasado faise mención nunha serie de regras que figuran no artigo 7.b ao seguinte: “Usar de maneira adecuada e responsable e exclusivamente para o cumprimento das funcións asignadas ao cargo ou posto, os medios ou recursos municipais de toda índole e natureza, como entre outros as instalacións e dependencias, e OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL”

Entón, o mes pasado rogamos que se emitise un informe técnico municipal que xustificase a necesidade ou non, dun control sobre o uso, rexistro de circulación, mantemento, ou que persoal está autorizado para o seu uso e que persoal non, o gasto e a custodia dos vehículos municipais, excepto os da policía local.

Ben, ese rogo está sen contestar.

O que rogaríamos agora ademais é que se nos dixese se se pode emitir ese informe ou non se pode, ou se se vai a facer ou non.

Nós o control que pediamos era un control exhaustivo mediante un software que xestionase a organización e administración dos vehículos do concello. Estes controis axudan a reducir os riscos dun uso indebido dos vehículos, a maximizar a realización de servizos ou mesmo a levar un control do mantemento. Con sistemas telemáticos para o seu seguimento, xestión do combustible, identificación dos condutores e do servizo realizado, ou aplicar medidas de seguridade entre outras funcións. Poden automatizar as tarefas repetidas e as rutinas, rexistrar todos os datos de movemento da frota e arquivalos, atopan os roteiros máis económicos para cada servizo, organizan horarios de dispoñibilidade, reducen custos e tempo e, ademais evitan o uso inxustificado dos vehículos co consecuente desgaste e consumo indiscriminado de combustible.

Por tanto ROGAMOS de novo: (rogo sen contestar de novembro de 2022):

Que se emita un informe técnico municipal que xustifique a necesidade ou non, dun control sobre o uso, rexistro de circulación, mantemento, persoal que está autorizado para o seu uso e que persoal non, o gasto e a custodia dos vehículos municipais, excepto os da policía local.»

3.4. PREGUNTAS

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900007132 o día 26 de decembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:49:57 horas

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

“Un mes máis, os veciños do Temple en xeral e os usuarios da Nacional VI en particular, seguimos sufrindo os apagamentos dos farois que iluminan a calzada de tan importante vía, ao seu paso pola cambresa parroquia do Temple; a de maior poboación e volume de tráfico rodado do noso municipio.

Problema que xa foi evidenciado polo Grupo Municipal Popular noutras sesións municipais, tanto plenarias como en comisións informativas nos últimos meses e que segue sen resolverse. Todo iso a pesar de que, como xa advertimos previamente, é evidente o problema de seguridade viaria que xera a absoluta ausencia de luz na vía, para os vehículos que proveñen do veciño municipio de Oleiros, cuxas farois iluminan a calzada por medio de luminarias con luz led, que unha vez entran en Cambre, deixan ás escuras aos condutores; tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

Así mesmo resulta do todo sorprendente as sucesivas contestacións ofrecidas pola concelleira de Servizos, o concelleiro de Urbanismo e o propio alcalde de Cambre; que se limitan a referir que non se lles contesta por parte dos responsables da Administración estatal; descoñecendo o porqué da resposta tardía.

E mentres, pasan os meses sen resolver un grave problema de seguridade viaria nunha estrada nacional, sen que os responsables municipais, esixan a súa resolución. Desidia e deixamento do Goberno central e do Goberno de Cambre que obrigan ao Grupo Municipal Popular interesarse ao Goberno local de Cambre que informe sobre que xestións realizou no último meses ante os responsables da Administración competente para resolver este problema e que actuacións ten previstas realizar de non resolverse en data inmediata.”

(Cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos auséntase do salón de sesións o Sr. interventor).

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:51:40 horas

Lee a pregunta a Sra. Vázquez Golpe:

“Tralas podas realizadas nos últimos días nas palmeiras existentes no Paseo Marítimo do Temple, como consecuencia da praga do picudo vermello sobre o que este Grupo Municipal Popular se interesou durante os últimos meses; estas ofrecen o inquietante estado que se aprecia nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente, cales son as actuacións para realizar nos próximos meses sobre os exemplares afectados.”

A Sra. Parcero Quiñoy contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:51 horas

Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“Chegando ao seu fin este dobre e histórico Ano Santo Compostelán, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente sobre o resultado, a modo de balance das actuacións levadas a cabo desde o noso concello con ocasión do devandito evento, no ámbito cultural.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900007135 o día 26 de decembro de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:55:32 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Visto que os informes técnicos municipais emitidos por funcionarios de recoñecida valía non foron do agrado do equipo de goberno e decidiuse gastar 6000 euros nun informe feito a medida por parte da UDC.

A nosa pregunta é se cal é a previsión (tamén económica) seguir usando asesorías externas cada vez que os técnicos municipais emitan informes contrarios?”

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:56:39 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“De cara á transparencia e boa colaboración cos grupos da oposición, que se vende dende o Goberno municipal. E tendo en conta que a información dos últimos temas de calado (como o PXOM ou orzamentos) foron facilitados á oposición no ultimo momentos sen facilitar o labor da oposición. Vaise seguir freando o traballo dos grupos da oposición ou vaise facilitar con suficiente antelación as sucesivas informacións con novos temas que se traian a pleno?”

(Cando son as vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos reincorpórase á sesión o Sr. interventor).

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202299900007130 o día 26 de decembro de 2022, xunto cos rogos para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:57:28 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López:

“Existen lousas levantadas na praza Manuel Murguía que nestes días de choiva provocan molladuras e inseguridade viaria.

PREGUNTAMOS: Teñen coñecemento desta situación e, como consecuencia, previsión de solucionarla?

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:58:40 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López:

«Esta pasada fin de semana no Apeadeiro, en Cecebre, puidemos observar un lameiro motivado como consecuencia do desbordamento da graveira, que se rechea con terra extraída da parcela onde vai ser instalado “Amazon”.

PREGUNTAMOS: Existe no concello algún proxecto relativo ao mencionado recheo así como as súas correspondentes licenzas por parte do Concello de Cambre e da Delegación de Minas?»

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:29 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López:

“Observamos que no inicio da rúa Francisco Añón con María Mariño, no paso de peóns fronte á beirarrúa de nova construción, queda un chanzo totalmente incompatible con cadeira de rodas, carro infantil ou persoas de mobilidade reducida.

PREGUNTAMOS: Vai ser cambiada a localización do actual paso de peóns ou teñen prevista algunha actuación que cumpra coa necesaria accesibilidade e rebaixe da beirarrúa se se prevé conservar a localización do actual paso de peóns?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS ORALMENTE

O Sr. Cubeiro Fernández formula as seguintes preguntas:

1-2-3 preguntas - Acceso á videoacta – 02:01:53 horas

“O pasado día 7 de decembro tivemos coñecemento de que se estaba a producir unha tala de árbores no espazo protexido da fraga de Cecebre, tal que tivo lugar durante varios días. Polo que preguntamos:

1ª Houbo control por parte do Concello de Cambre da dita tala?

2ª Quen realizou a tala contaba cos permisos para realizala?

3ª Tomouse algunha medida por parte do Concello de Cambre?

PREGUNTA DE C'S PRESENTADA ORALMENTE

A Sra. García Hidalgo formula a seguinte pregunta:

Única pregunta - Acceso á videoacta – 02:02:21 horas

«De novo no pleno de outubro fixemos unhas preguntas respecto da nova Casa da Cultura e en relación ao estado exterior do inmovible por permanecer paralizado e sen urbanizar. Preguntamos que problemas de legalidade urbanística impiden a dita urbanización e apertura da sala. A resposta recibida foi que: “problemas de legalidade urbanística, entendida como falta de legalidade non hai causa ningunha, centrándose a demora nun problema de xestión”

Dado que a resposta: “un problema de xestión” abarca demasiado, agora queremos preguntar:

Que xestión en concreto orixina o problema para que non se poida nin urbanizar nin abrir a sala?»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O alcalde
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo